

**CONCELLO
DE VIGO**



**Escola
Oficial de
Idiomas**



PROBA DE AVENTURA E ORIENTACIÓN URBANA
UN MAR DE LINGUAS

DOMINGO 23 DE ABRIL, 11:00 HORAS

Cando é?

O domingo 23 de abril ás 11:00 horas, con saída e chegada na Praza do Rei.

En que consiste?

Actividade grupal onde os participantes, agrupados en equipos, deben percorrer a pé e coa axuda dun mapa diferentes partes da cidade, tentando localizar unha serie de puntos de control e superando diversas probas de coñecementos e cultura xeral. Sendo unha proba deseñada especialmente para a Escola Oficial de Idiomas, moitas desas probas versarán sobre todo aquilo que teña que ver con eles, pero dunha maneira divertida e orixinal. O obxectivo final é acumular o maior número de puntos posibles. Cun alto componente estratéxico, a toma de decisións e o traballo en equipo son claves para completar a proba con éxito.

A quen vai dirixida?

A todo tipo de público, sexa cal sexa a súa idade ou estado de forma. O único que fai falta é ter ganas de pasar unha mañá divertida gozando da túa cidade dunha maneira diferente na compañía da túa familia e/ou amigos.

Que material necesito para poder participar?

Todo o material necesario para a proba achegarao a organización. Ti só tes que preocuparte de traer roupa cómoda para andar e correr.

Canto dura a actividade? Conta con 3 horas, distribuídas da seguinte maneira:

- 11:00-11:30 Charla técnica e entrega do material aos equipos participantes.
- 11:30- 14:00 Actividade de orientación e aventura.

Dinámica da actividade

Orientación é sinónimo de control, e o control lévase na cabeza, non nas pernas.

Cada equipo diseña a súa propia estratexia. Encóntranse nun espacio aberto, sen delimitar, con total liberdade para elixir onde, como (andando e/ou correndo) e en que orde irán pasando polos puntos de control establecidos e así realizar as probas, sen ser obrigatorio o paso por todas elas.



○ sistema de puntuación permite que o resultado final non só dependa do compoñente físico, senón tamén do compoñente intelectual/mental e da toma de decisións correctas.

• Como sumar puntos?

De dúas maneiras:

1.- LOCALIZANDO BALIZAS OU PUNTOS DE CONTROL

A baliza é unha caixa de tea de cor branca e laranxa. Faise visible cando o participante alcanza o elemento do terreo no que está colocada (árbore, pedra, ponte...). Cada baliza está identificada cun número (para comprobar que é a que se está buscando e non outra), e contén unha pinza para certificar o paso do equipo por dito punto.

Todas as balizas son de carácter optativo, de tal maneira que cada equipo elixe en todo momento cara a cal se dirixe e a orde na que as busca.



BALIZA



PINZA

2.- REALIZANDO PROBAS ESPECIAIS

Nalgunhas balizas existen “probas especiais” onde os equipos terán que superar retos variados relacionados co mundo das linguas. Distinguimos dous tipos:

A) **PROBAS DE PANEL:** como o seu nome indica, son paneis que presentan desafíos intelectuais sobre temáticas diversas. Os equipos deberán resolver as probas propostas, apuntando as respostas que consideren oportunas no tríptico que lles facilitará a organización.



B) PROBAS DIRIXIDAS: Nalgúns dos puntos a localizar, as probas serán dirixidas. Son probas máis complexas que esixen a presenza dun técnico para explicar e supervisar o adecuado desenvolvemento da proba a superar. Algúns exemplos poderían ser:



BILLAR HOLANDÉS



TIRO CON ARCO



ACROSPORT



CONSTRUCCIÓN A CIEGAS

• Material subministrado para cada equipo participante

Para desprazarse polo terreo, cada equipo recibe a seguinte documentación:

TRÍPTICO

Utilízase para certificar o paso de cada equipo por cada un dos puntos de control ou balizas, así como para anotar as respostas das “probas de panel” que os equipos atoparán ao longo do seu percorrido.

INFORMACIÓN

É o documento que, xunto co mapa, contén a información necesaria para a realización da actividade: número de baliza, puntuación de cada unha delas, breve descrición de onde se atopa...



BOLÍGRAFO

Necesario para escribir as respostas das “probas de panel” no tríptico.

MAPAS (X3)

Contén os elementos clave para progresar polo terreo.

Localización da proba (3 mapas)



**CONCELLO
DE VIGO**



**Escola
Oficial de
Idiomas**

TERRITORIO
COMANCHE
ACTIVIDADES IN & OUTDOOR

